



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

**Acta
da mesa de contratación 2F
CONTRATACIÓN**

Expediente: CON2023000010 Referencia interna: 2023/00009285K -
Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela
Tipo de contrato: Servizos Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 6
ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 174.291,06 € máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación – Videoconferencia
Data: 11-07-2023 **Hora:** 08:55

ASISTENTES

Presidencia: María Rozas Pérez, concelleira delegada de Promoción Económica

Vogais

- Berta Rosón López, en representación da Intervención Municipal:
- Pablo Abuín Ratón, en representación da Asesoría Xurídica:
- Teresa López Mariño, técnica de xestión de Oficina de relacións institucionais

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

A mesa reúne para analizar o informe emitido en data 10-07-2023 pola técnica de xestión de oficina de relacións institucionais sobre a documentación requirida a empresa DESIGN THINKERS AND MAKERS SL NIF: B70515564 relativa a acreditación de alta no IAE actualizada e a acreditación da Formación de dous profesionais adscritos ao contrato.

Unha vez exposto o contido do informe pola técnica, a mesa acepta o mesmo. Faise constar en acta que segundo a técnica que realizou o informe a empresa acredita a experiencia, mediante certificados de vida laboral, e a formación do persoal que adscribe a cada un dos contratos. Presenta tamén o certificado actualizado de alta no IAE

Polo tanto a Mesa ratifica a proposta de adxudicación acordada por esta mesa a favor do licitador DESIGN THINKERS AND MAKERS SL NIF: B70515564

Levántase a sesión ás 9:15 horas

Vº e prace

Eu, como secretaria, dou fe

A Presidencia da Mesa